Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Integrados de Formación Profesional

Modelo programación probas libres

Programación de módulo

Módulo: Promoción da saúde e apoio psicolóxico

Profesor/a: Montserrat Rey Moar

Curso: 2023 - 2024

CIFP: Ánxel Casal Monte Alto

1 Identificación da programación

1.1 Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15022607	CIFP ANXEL CASAL MONTE ALTO	A CORUÑA	2023-24

1.2 Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
FP-21	SANIDADE	CM19001	COIDADOS AUXILIARES DE ENFERMARÍA	MEDIO	ORDINARIO

1.3 Módulo profesional

Código MP	Nome	Horas
CM0308	PROMOCIÓN DA SAÚDE E APOIO PSICOLÓXICO AO PACIENTE	130

1.4 Profesorado responsable

Elaboración	- JOSÉ ANDRÉS PEÑA ÁLVAREZ - MARÍA DEL PILAR POMBO MOREIRA - MONTSERRAT REY MOAR
Impartición	- JOSÉ ANDRÉS PEÑA ÁLVAREZ - MARÍA DEL PILAR POMBO MOREIRA - MONTSERRAT REY MOAR

2 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1 Primeira parte da proba

2.1.1 Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo Decreto 61/1999 do 18 de febreiro
Explicar o proceso de saúde e a súa relación co ambiente físico, emocional e social para coñecer os factores que poidan incidir negativamente no paciente e as súas formas de corrección.
Explicar os aspectos xerais das teorías psicolóxicas sobre a formación da personalidade e comprender as reaccións diferentes das persoas.
Analizar as características fisiopatolóxicas dos anciáns, procurando as pautas de conduta máis axeitadas que se deben aplicar no medio xeriátrico.
Explicar que é a ansiedade coñecer as súas causas e precisar que factores xeran a súa aparición durante a hospitalización e as medidas para evitalas.
Describir o rol de enfermo e enunicar as reacción anómalas para corrixilas e mellorar a comunicación co paciente
Enunciar as fases e características que se dan na relación paciente-sanitario, e os factores que a poden alterar así como as medidas destinadas a melloralas
Analizar a utilización das canles de información nas actividade de información-formación sanitaria para contirbuír a súa difusión e a mellora da oferta asistencial.
Respectar as concepcións de defensa que se forman as persoas en estado crítico ou terminal

2.1.2 Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
Ver que o alumnado coñece o proceso de saúde e a súa relación cos diferentes factores e a forma na que poden axudar a mellor a saúde dente un punto de vista integral.
O alumnado mostra o coñecemento das teorías psicolóxicas sobre a formación da personalidade e comprende as reaccións das persoas.
O alumnado mostra coñecer as características fisiopatolóxicas dos anciáns.
Demostra coñecer que é a ansiedade, as causas e os factores que motivan a súa aparición durante a hospitalización, así como as medidas para evitalas.
Defende os coñecementos sobre rol de enfermo e as reacción anómalas e como mellorar a comunicación co paciente
Manifesta correctamente as fases, características e os factores que se dan na relación paciente-sanitario. Así como as medidas destinadas a melloralas
O alumnado demostra coñecer as canles de información nas actividade de información-formación sanitaria, así como o seu análise.
O alumnado entende e coñece a defensa e dereitos das persoas en estado crítico ou terminal

2.2 Segunda parte da proba

2.2.1 Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo Decreto 61/1999 do 18 de febreiro
▪ Analizar as condutas e comportamentos específicos da poboación galega e establecer as súas influencias sobre a saúde para poder aplicar as medidas correctoras.
▪ Explicar as características fundamentais dos programas de promoción da saúde e prevención de enfermidades específicas para disminuír a súa incidencia na poboación xeral.
▪ Afrontar diversas situación de relación con pacientes de características fisiopatolóxicas especiais, aplicando as pautas de conduta indicadas en cada caso.
▪ Prestar o apoio psicolóxico adecuado tanto aos pacientes como aos familiares, comprendendo a importancia desta acción para mellorar a relación paciente-sanitario, e o benestar psíquico do enfermo e o seu contorno afectivo.

2.2.2 Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
▪ O alumnado demostra saber interpretar e analizar as condutas e comportamentos específicos da poboación galega e establecer as súas influencias sobre a saúde para poder aplicar as medidas correctoras.
▪ O alumnado analizará as características fundamentais dos programas de promoción da saúde e prevención de enfermidades específicas para disminuír a súa incidencia na poboación xeral.
▪ O alumnado é capaz de aplicar pautas de conductas adecuados a situacións fisiopatolóxicas especiais expostas na proba.
▪ O alumnado demostra saber prestar o apoio psicolóxico adecuado tanto aos pacientes como aos familiares, comprendendo a importancia desta acción para mellorar a relación paciente-sanitario, e o benestar psíquico do enfermo e o seu contorno afectivo.

3 Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

A. Os mínimos exixibles en ámbalas dúas probas serán todos os que aparecen no curriculum do módulo recollidos na normativa sinalada e se recollen na presente programación:
-Comprender o proceso da saúde e da enfermidade, e a súa relación co ámbito físico, psicolóxico e social.
- Definir e clasificar os determinantes de saúde.
-Identificar as medidas de prevención primaria, secundaria e terciaria.
-Comprender o concepto de Educación para a Saúde e o seu papel como axente en EpS.
-Definir os procesos cognitivos e diferenciar os tipos de memoria.
-Identificar as características psicosociais mais importantes das etapas evolutivas.
-Distinguir e interpretar as circunstancias psicolóxicas que poidan orixinar comportamentos especiais nos pacientes.
-Identificar reaccións psicolóxicas básicas e condutas anómalas.
-Comprender o concepto de tensión e ansiedade e coñecer os axentes relacionados coa enfermidade e a hospitalización.
-Coñecer as características máis importantes dos pacientes: crónicos, anciáns, terminais, nenos....
-Esquematizar as escalas empregadas na valoración xeriátrica e coñecer os recursos asistenciais.
-Coñecer os criterios que definen ó enfermo terminal e explicar o concepto de coidados paliativos.
-Aplicar técnicas adecuadas de comunicación e coñecer as fases da relación de axuda.
-Valorar a importancia do seu papel para humanizar a asistencia sanitaria

B. Criterios de cualificación:

- PRIMEIRA PARTE DA PROBA:
Esta proba ten carácter eliminatorio.
A cualificación da primeira parte da proba terá valor de cero a dez puntos.
Para a superación da proba escrita será necesario obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos **(sen aproximación decimal)**. No caso de non superar esta proba a nota da segundo proba será un 0.

- SEGUNDA PARTE DA PROBA:
As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda.
A cualificación da segunda parte da proba terá valor de cero a dez puntos.
Para a súa superación o alumnado deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos **(sen aproximación decimal).**
As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.

- CUALIFICACIÓN FINAL:

A cualificación final será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima. As persoas aspirantes deberán superar as dúas probas por separado, obtendo como mínimo unha nota de 5 en cada unha delas (sen aproximación decimal).
No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.
Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional ás persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento durante a realización das probas. Neste caso, a profesora do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.
A avaliación da proba libre realizarase nos termos previstos no artigo 37 da Orde do 12 de xullo de 2011 e a expresión da cualificación final obtida por cada aspirante no presente módulo profesional será numérica, entre un e dez, sen decimais.

4 Características da proba e instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento

4.1 Primeira parte da proba

A primeira parte da proba será unha proba teórica que consistirá nunha proba escrita que poderá desenvolverse como proba tipo test de resposta múltiple, con catro posibles respostas e soamente unha correcta, proba de preguntas de resposta breve ou preguntas de desenvolvemento ou con unha proba teórica na que se aparquen as distintas das modalidades de exame sinaladas.

No caso das preguntas tipo test os erros serán valorados negativamente, descontando unha resposta correcta por cada 3 incorrectas *(de forma que cada erro restara o valor de un tercio da resposta correcta).*.

A proba será cualificada de cero a dez puntos e para a superación o alumno ou alumna precisará unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

No caso de que se suspenda a primeira proba, a puntuación máxima que poderá asignárselle será de catro puntos.

Para a realización da proba será necesario o uso de bolígrafo de tinta indeleble de cor azul ou negra. Non se permite o uso de corrector.

Será necesario a identificación dos/das aspirantes con DNI ou pasaporte e este deberá estar a disposición da comisión avaliadora durante o desenvolvemento da proba.

Ao remate do exame o alumnado entregará o cuestionario de preguntas no que deben constar os seus datos identificativos e a firma.

Non se pode sacar o cuestionario da aula.

4.2 Segunda parte da proba

A segunda parte da proba será unha proba teórica que consistirá nunha proba escrita que poderá desenvolverse como proba tipo test de resposta múltiple, con catro posibles respostas e soamente unha correcta e/ou proba de preguntas de resposta breve acerca dun ou varios supostos prácticos sobre os resultados de apredizaxe do curriculum que se valoran nesta proba.

No caso das preguntas tipo test os erros serán valorados negativamente, descontando unha resposta correcta por cada 3 incorrectas *(de forma que cada erro restara o valor de un tercio da resposta correcta).*

A proba será cualificada de cero a dez puntos e para a superación o alumno ou alumna precisará unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

No caso de que se suspenda a segunda proba, a puntuación máxima que poderá asignárselle será de catro puntos.

Será necesario a identificación dos/das aspirantes con DNI ou pasaporte e este deberá estar a disposición da comisión avaliadora durante o desenvolvemento da proba.

Ao remate do exame o alumnado entregará o cuestionario de preguntas no que deben constar os seus datos identificativos e a firma. Non se pode sacar o cuestionario da aula.

Para a realización da proba será necesario o uso de bolígrafo de tinta indeleble de cor azul ou negra. Non se permite o uso de corrector.

Non se permitirá o acceso á proba unha vez finalizado o proceso de chamamento público do alumnado.

Será necesario a identificación dos/das aspirantes con DNI ou pasaporte e este deberá estar a disposición da comisión avaliadora durante o desenvolvemento da proba.

Ao remate do exame o alumnado entregará o cuestionario de preguntas no que deben constar os seus datos identificativos e a firma. Non se pode sacar o cuestionario da aula.

A nota final da proba será calculada, cando ambas probas sexan superior a 5, mediante media aritmética.